



LUDOTECA MUNICIPAL

CURSO 2021/2022

HORARIO e GRUPOS

Horario: **de 16.30 a 19.30 horas.**

- ◆ Nenos/as de 6 a 12 anos:
Luns, Martes ou Mércores (a escoller un dos días)

- ◆ Nenos/as de 3 a 5 anos:
Xoves ou Venres (a escoller un dos días)

INSCRICIÓN

Para ser usuario/a da ludoteca será preciso que o pai/nai ou titor/a do menor (ou persoa delegada) entregue o **formulario de inscrición** debidamente cuberto na ludoteca, en horario de mañá de 10.00 a 14.00 horas, ou na sede electrónica do Concello, xunto coa seguinte documentación (modelo facilitado no **Anexo I**):

- Autorización para a participación en actividades organizadas polo centro en colaboración con outros servizos/entidades, e de ser preciso, os desprazamentos dentro do termo municipal.
- Autorización para toma de fotografías e/ou material audiovisual.
- Autorización para incluír o teléfono de contacto nun grupo de difusión de novas do centro.
- Declaración responsable de condicións de saúde do neno/a e aceptación das condicións de hixiene e prevención fronte á covid-19.

O prazo de inscrición abrirase o **mércores 29 de setembro** ata completar prazas en cada grupo establecido. De darse o caso, existirá lista de espera para cubrir posibles baixas ao longo do curso.

As prazas serán outorgadas por orde de inscrición.

* Aceptarase un máximo de tres solicitudes por persoa.

Inicio das actividades na LUDOTECA: LUNS 4 DE OUTUBRO



INFORMACIÓN DE INTERESE

A ludoteca é un espazo para o xogo. Un servizo lúdico educativo dirixido a nenos/as do concello de Porto do Son, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

Condicións de hixiene e recomendacións en materia de prevención fronte á covid-19:

1. Os nenos e nenas que teñan febre, tose ou outra sintomatoloxía asociada ao covid-19, non acudirán ao centro.
2. Recomendado o uso de máscara de protección a partir dos 3 anos de idade e obrigatorio a partir dos 6 anos.
3. Antes da entrada será obrigatorio realizar unha adecuada hixiene de mans, que se repetirá varias veces durante a xornada e ao finalizar as actividades.
4. Recoméndase traer un calzado exclusivo para o centro ou o uso de calcetíns con sola antideslizante.
5. A entrega e recollida dos nenos/as realizarase por unha soa persoa, que non deberá acceder as aulas.
6. Queda prohibido compartir alimentos, bebida, utensilios e outros obxectos durante a merenda.
7. Os nenos e nenas recibirán as indicacións oportunas para o uso dos xogos e xoguetes dentro do centro, así como do material de manualidades.

Todas estas medidas quedan suxeitas aos cambios normativos que podan producirse.

CONTACTO

Ludoteca Municipal de Porto do Son

Telf. 981767589

omix@portodoson.gal